

novidade editorial / venres, 21 de abril de 2006

MANUEL FRAGA PRESENTA EN SANTIAGO *FINAL EN FISTERRA*, PUBLICADO POR ALVARELLOS EDITORA



A esquerda, Manuel Fraga e Henrique Alvarellos; á dereita, o ex presidente asina exemplares ao público

- O ex presidente da Xunta e actual senador mantivo un encontro coa prensa e logo firmou exemplares do seu último tomo de memorias, “un libro –dixo– que mostra un antes e un despois. É difícil dicir que non se fixo moito por puxéronse os cimentos para unha sociedade nova”.
- A obra supera as 400 páxinas, está escrita en galego e castelán, e nela o político vilalbés recolle lembranzas, algunhas anécdotas, leva a cabo unha ampla reflexión sobre a súa concepción do galeguismo e a cultura galega, e detense polo miúdo na acción de goberno de todo este periodo.
- O libro –que abre a nova Colección Memorias desta editorial– complétase cun amplo despregue gráfico, con fotografías curiosas ou pouco coñecidas, e un Apéndice onde aparecen todos os integrantes dos Gobernos de Galicia dende a Transición ata o último Gabinete de Fraga.

Manuel Fraga Iribarne regresou hoxe a Galicia para presentar aos medios de comunicación o seu último tomo de memorias, *Final en Fisterra* –publicado por Alvarellos Editora– e para asinar exemplares desta obra, un volume de máis de 400 páxinas que o político vilalbés define como “unha despedida”. O acto tivo lugar no Salón de Actos da Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela e nel participaron o autor e o editor, Henrique Alvarellos, e déronse cita, ademais de



Rúa das Arribadas 7, 1º
15706 SANTIAGO (GAL)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52

toda a prensa convocada, numerosos dirixentes do Partido Popular de Galicia que quixeron, con este xesto, acompañar ao seu presidente fundador.

Manuel Fraga destacou na súa intervención que esta obra “mostra un antes e un despois” no noso país. “É difícil dicir que non se fixo moito por Galicia, pois puxéronse os cimentos para unha sociedade nova”, afirmou. Durante a rolda de prensa posterior ás súas palabras, e preguntado sobre se en *Final en Fisterra* hai lugar á autocrítica, o ex presidente da Xunta contestou que “xa pido perdón no libro polas moitas faltas. Erros cométese sempre, pero xamais de mala fe”. Agradeceu finalmente ao editor “ter a oportunidade de publicar un libro bilingüe, escrito en galego e castelán, seguindo a tradición de clásicos como Rosalía ou o propio Cunqueiro”.

O editor, pola súa Banda, destacou a satisfacción de “incluír no noso catálogo un libro que será documento básico para analizar todo un ciclo na historia de Galicia e de España”. Henrique Alvarellos agradeceu ao ex presidente da Xunta “que confiase nunha empresa do país as súas memorias galegas. Unha empresa –lambrou– que xa vai camiño dos trinta anos de vida, e mantivo sempre un espírito de independencia e compromiso con Galicia”.

Final en Fisterra está escrito en galego e castelán, foi redactado na súa maior parte a man, e nel Fraga narra os 16 anos nos que estivo á fronte do Goberno galego, dende 1990 ata o verán de 2005. Nas súas páxinas lembra algúns dos seus recordos e anécdotas principalmente da súa chegada a Galicia, desenvolve a súa teoría política (a súa concepción do galeguismo e a articulación dentro do Estado español) e repasa a súa acción de goberno (departamento por departamento) de todo ese tempo.

Este é o terceiro tomo de memorias publicado por Manuel Fraga, os dous anteriores foron *Memoria breve de una vida pública* (Planeta, 1980) e *En busca del tiempo servido* (Planeta, 1987).

IMAXES DUNHA ÉPOCA



Febreiro de 1990. Fronte ao Parlamento de Galicia.

Final en Fisterra complétase con dúas “galerías gráficas” que dan protagonismo ás imaxes e aos comentarios dalgúns dos momentos máis significativos dese periodo (algunhas destas fotos son pouco coñecidas ou mesmo insólitas), apórtase así mesmo unha reprodución dunha das páxinas do manuscrito orixinal que deu pé a este libro, un Apéndice onde aparecen recollidos os nomes de todos os integrantes dos Gobernos de Galicia dende a Transición ata o verán de 2005, e finalmente un Índice onomástico que facilita a



localización dos preto de 500 nomes citados ao longo da obra.

PRINCIPIA A NOVA “COLECCIÓN MEMORIAS”

Final en Fisterra é o primeiro volume da nova COLECCION MEMORIAS que pon en marcha Alvarellos Editora. Galicia vive sen dúbida un momento de cambio, político e xeracional, que reclama a reflexión, a voz, dalgúns dos que foron os principais protagonistas da vida política, social, cultural ou económica do país durante os últimos 30 anos.

Eles narrarán, en primeira persoa, e dende todos os puntos de vista, os principais acontecementos que viviron no seu paso polos respectivos postos de responsabilidade.

Son documentos para a historia recente de Galicia, para o debate e para a reflexión da cidadanía. O primeiro deles, este *Final en Fisterra*.

FRAGMENTOS DE FINAL EN FISTERRA

Recollemos algunhas das valoracións ou comentarios que Manuel Fraga fai ao longo das páxinas desta obra:

A decisión de vir a Galicia: “Una conspiración, en la que puede verse a la misma persona ser vicepresidente de la Xunta [Xosé Luís Barreiro Rivas] con Gerardo Fernández Albor, y luego (tras el tristemente famoso “Paco de los Tilos”) integrando un gobierno tripartito (con presencia de los socialistas), hicieron que me decidiese a venir y afrontar el problema personalmente, al servicio de Galicia y de España. (Páx. 17)

Xosé Cuiña: “Contribuyó al éxito electoral de modo notable, logrando incluso la no elección del Sr. Barreiro, causante de la crisis de Albor (...). Cuiña ocupó la decisiva Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, una de las de mayor capacidad de inversión, y lo hizo de modo eficaz y brillante. Él y Romay se perfilaron desde el primer momento como personas con especial vocación para nuevos ascensos en política, lo que, naturalmente, se fue traduciendo en una creciente competencia y rivalidad, reflejada en la famosa frase de los ‘birretes’ y las ‘boinas’”. (Páx. 157)

José Romay Beccaria: “Todo cuanto diga de su eficacia en la gestión y de la lealtad con la que pude contar –en momentos tan movidos de nuestra vida política– sería poco”. (Páx. 156)

Emilio Pérez Touriño: [Sobre o inicio da construción das Autovías] “A pesar de la presencia de un gallego en este departamento [Pérez Touriño, no Ministerio de Obras Públicas] el plan no recibió un impulso definitivo hasta la llegada al Ministerio (que ya había recuperado el nombre tradicional de Fomento) de Francisco Álvarez Cascos” (Páx. 159).

Francisco Vázquez: “El caso del alcalde de A Coruña es una buena demostración de que el socialismo gallego gana y se mantiene donde muestra una faz más moderada y capaz de tomar votos del centro, más que de una política basada en la lucha de clases”. (Páx. 150).



Xosé Manuel Beiras: “Lo cierto es que la preparación económica del nuevo diputado y la capacidad oratoria peculiar que supo desarrollar, le dieron una influencia especial en ciertos medios juveniles y sobre todo universitarios, que hicieron que en la tercera legislatura (primera en la que yo formé parte, con mayoría absoluta) el grupo del BNG alcanzase cinco diputados, y continuó creciendo hasta –en la sexta legislatura– igualar en número de diputados a los de la minoría socialista”. (Páx. 151)

O Prestige: “Después de la eliminación de Beiras, el número de los diputados (y por lo tanto de los votantes) del BNG ha descendido; los socialistas, bien apoyados por Madrid, han vuelto a ser el segundo partido de Galicia, y juntos han podido formar esa mayoría justa (38-37) que es la que actualmente sirve de base al Gobierno autónomo. En ello han intervenido varios factores: el más importante ha sido sin duda el desastre del *Prestige* (...). Movimientos como ‘Nunca Máis’ o ‘Burla Negra’ movilizaron a muchas gentes de buena fe y más bien destruyeron a la dirección menos exagerada del Prof. Beiras, que el bien cimentado prestigio de los gobiernos populares en Galicia”. (Páxs. 151-152)

José Antonio Orza: “Creo haber encontrado la persona adecuada en *Cholo Orza*, que ya había estado en tiempos de Albor, y que fue el único conselleiro que permaneció durante todo el tiempo de mi mandato dándome seguridad en los temas clave del gasto público” (Páx. 156)

Felipe González: “Las buenas relaciones anteriores (en la época de la primera transición y en la elaboración de la Constitución) y el sentido de Estado (que ahora no se ve tan claro) del presidente socialista, deben ser reconocidos y encomiados, y así lo hago con gusto” (Páx. 159).

O Goberno de Zapatero e o Plan Galicia: “La ministra de Obras Públicas ha echado abajo acuerdos tomados en firme por el Gobierno Aznar en su histórica reunión en el Ayuntamiento de A Coruña, es decir, el Plan Galicia. E insisto en estas cosas para que se pueda comparar la diferencia entre los dos gobiernos socialistas: el primero, comprometido con la pacífica transición; el segundo, revisionista y sectario, como es fácil de comprobar cada día, gran desgracia para Galicia y para España”.

A articulación do Estado: “O Estado das autonomías permitenos conseguir o que Piñeiro chamaba ‘a necesaria transformación da España castelá na España española que inclúe e respecta a pluralidade diversa da súa propia realidade’”. (Páx. 196)

A reforma do Estatuto: “Los debates pendientes en torno a las reformas –deseables– del Estatuto de autonomía no deben hacer aflorar las contradicciones y conflictos que han surgido en otras partes de España. Gracias a Dios, los gallegos, deseosos como todos de un trato justo por parte del Gobierno nacional –al que la Constitución obliga a mantener la solidaridad entre todas las comunidades autónomas– se sienten tan gallegos como españoles, y tan españoles como gallegos”. (Páx. 363)

A lingua galega: “Hai unha lingua galega, unha lingua romance, con diferentes falas, que non é dialecto de ningunha outra lingua: ‘filla do latín, irmá do castelán, materna do portugués’. É, como toda lingua auténtica, creación xenuína dun pobo: ‘un tremer e un gozo que non se perde nos vellos pergameos nin na vaga tradición erudita: está viva no pobo’ (Otero Pedrayo). Nel realízase o espírito colectivo dos gallegos”. (Páx. 189).

Alfredo Brañas: “A cabeza e a doutrina máis importante do primeiro galeguismo. (...) ‘Aspiramos –deixou dito– a ser cataláns, galegos, vascos, etc., antes ca españois, para sermos despois máis ca esas xentes anódinas para quen non hai máis España que a Meseta Central de Castela’. E engade: ‘Un catalán, un valenciano, vasco ou galego que sexa rexionalista é



máis español que o necio unitarista que desde as ribeiras do Manzanares nos dispensa aínda o frío desdén de citarnos a todos co alcume de *provincianos*” (Páxs. 24 e ss)

A cultura galega: “Asumamos toda a cultura galega, capaz de expresarse nas dúas grandes linguas, as dúas nosas”. (Páx. 196)

O DECANO DOS POLÍTICOS EUROPEOS

MANUEL FRAGA IRIBARNE (Vilalba-Lugo, 1922) redactou este último tomo das súas memorias nos meses nos que cumpría 83 anos e moi poucas semanas despois de ter deixado a presidencia da Xunta de Galicia, responsabilidade que exerceu durante 16 anos e con catro maiorías absolutas consecutivas. Nas eleccións de xuño de 2005 a coalición entre socialistas e nacionalistas conseguiu acceder ao poder.

A actividade política de Manuel Fraga ten a súa xénese en 1951, momento no que foi nomeado secretario xeral do Instituto de Cultura Hispánica. Tiña daquela 39 anos, formárase na Universidade de Santiago e logo na Complutense de Madrid, onde se licenciou en Dereito, Ciencias Políticas e Ciencias Económicas. Obtivera xa a cátedra de Dereito Político (1948), e cinco anos máis tarde, as de Teoría do Estado e Dereito Constitucional.

En xullo 1962 incorpórase como ministro de Información e Turismo a un dos gobernos de Franco. Durante os sete anos nos que desenvolveu esta tarefa impulsou a Lei de Prensa e Imprenta de 1966 e converteu o turismo na primeira industria española. En setembro de 1973 é nomeado embaixador de España no Reino Unido e dende alí seguiría a agonía do réxime. Regresa a España o 19 de novembro de 1975 (a tarde anterior á morte do dictador), e en decembro sería nomeado vicepresidente para Asuntos do Interior e ministro da Gobernación do primeiro goberno da Monarquía.

Os tres lustros seguintes –até a súa arribada en Galicia– víveos plenos de actividade: foi un dos pais da Constitución de 1978, crea o partido Alianza Popular en 1977 e baixo estas siglas é elixido deputado por Madrid nas eleccións deste mesmo ano, e as seguintes de 1979, 1982 e 1986. Ao ano seguinte, e até 1989, aséntase en Bruxelas como Parlamentario europeo.

O 17 de decembro de 1989 celébranse as eleccións tralas que accede por maioría absoluta á Presidencia da Xunta de Galicia, cumprindo así o que definiu como “un vello soño”: ser o presidente do Goberno galego. Tomou posesión o 5 de febreiro de 1990.

Manuel Fraga é membro de número de varias Reais Academias e doutor “honoris causa” por una ducia de universidades de todo o mundo. É autor ademais de máis de noventa libros, entre eles, os dous tomos anteriores das súas memorias, publicados respectivamente en 1980 e 1987.

En marzo de 2006, o incansable político vilalbés principia –agora de novo en Madrid– unha última etapa: nesta ocasión como Senador por Galicia.



FICHA TÉCNICA

Título: FINAL EN FISTERRA

Nº páxinas: 416

PVP: 24 €

Medidas: 16x23

ISBN: 84-89323-05-4

Colección: MEMORIAS

Encadernación: tapa branda plastificada mate (cartulina gráfica de 260 gramos, a dúas caras)

Ilustracións: 30 fotos a cor distribuídas en dúas “galerías gráficas” e manuscrito dunha das páxinas orixinais.

Idioma: castelán (70%) e galego (30%)

